



Retallos da memoria


Víctor Fábregas

Cando no ano oitenta e nove emprendín a xeira da universidade, estaba moi lonxe de imaxinar que iniciaba un camiño no que aínda hoxe continúo mergullado. Non porque aínda non teña rematado os meus estudos a estas alturas, evidentemente, senon porque, a máis de marchar para formarme académica e humanamente, ía a Santiago para quedar. Isto fai que agora me pare a pensar e enxergue que estou a piques de chegar a ese momento da vida no que, botando a ollada atrás, podo ver que hai vinte anos que tiña vinte anos e afirmar -parafraseando a un amigo- que cando un está en condicións de dividir a súa vida en retallos tan grandes, corre o serio risco de estar a facerse vello... Se cadra, outro síntoma de facerse maior é cando un xa ten máis tendencia á lembranza que a mirar para adiante...

Di nunha das súas obras o eminente médico norteamericano Oliver Sacks, que se queremos coñecer a historia dun home debemos preguntarnos "¿Cal é a súa historia, a súa historia real interior?". Porque cada un de nós é unha biografía, unha historia. Cada un de nós é unha narración singular, que se constrúe, continua, inconscientemente, por, a través de e en nós... A través das nosas percepcións, dos nosos sentimentos, dos nosos pensamentos, das nosas accións. Biolóxica, fisioloxicamente, non somos distintos uns de outros. Pero historicamente, coma narracións, todos somos únicos... Poucas obxeccións se pódese facer a isto.

Se acaso, unha matización: Somos o que somos grazas a nós mesmos, pero tamén somos o que somos grazas aos demais. Se cadra non a todos os *demáis*, pero si grazas a esas persoas coas que ás veces a vida che premia, poñéndoas no teu camiño. De certo que todos somos únicos, pero ao igual que un escritor ou un director de cinema son o resultado -á parte das súas propias capacidades- das lecturas feitas ou das películas vistas, pódese afirmar que nós somos resultado da interrelación coas persoas que comparten os retallos nos que se divide cada existencia. Eu non sei que tal resultado estou a saír, pero quero pensar que non de todo malo. O que si sei é que se algo bo ou virtuoso latexa en min, boa parte do mérito haberá que atribuírlo á presenza de Xosé Agrelo no *retallo* máis determinante da miña formación como persoa: a infancia e a escola.

Empecei a xa estinta E.X.B. con preto de sete anos, cousa que na actualidade rozaría o delictivo. Eran outros tempos e o Preescolar, ao que por aquel entón se lle chamaba popularmente *Parvulios*, aínda era materia de pouca implantación. Quizais debido a isto, as primeiras letras e os primeiros números coñecinos na casa. Existía certa teima nos fogares (non sei se con razón ou sen ela) de que non se podía mandar aos rapaces á escola sen saber nada de nada. Así que para evitar males maiores e para reforzar o pouco que xa sabías, eran moi socorridas as clases particulares ou *pasantías*. Así, e



querendo ser como todos, fun dar á escola de *Doña Dominga*, na Casa da Sociedade. Os meus recordos daquela etapa non van moito máis alá dunha carteira verde cun Pinocho pintado, de ter que me procurar o meu propio mobiliario escolar levando un tallo da casa para poder sentar e da existencia dunha vara pequena que ben dirixida aos dedos (postos estes de punta e ben xuntiños), caía enriba deles axubiando con efecto *surround* e permitía unha visión en pantalla panorámica do firmamento... Tamén coído que pertence a aquela época un *rubio* de matemáticas que conseguín posuír tras moito insistir en que sabía restar. Cal sería a miña sorpresa cando, despois de abril con moita ansia, acertei a ver que se estreaba nada menos que cunha sustracción na que a cero había que quitarlle cero! Esta operación houbo de me mandar ao outro mundo de tanto chuchar a miña aínda rudimentaria capacidade lóxica para resolver tamaña imposibilidade de a nada sacarlle outro tanto...

En pasando os meses de verán, chegou a hora da verdade: ir "á escola dos grandes". A carteira co Pinocho convertiuse nalgo impro-

pio, o tallo puido volver ao seu sitio natural a carón da lareira, non vin *vara imerestelar* ningunha da que andar fuxido, e confiaba en que as restas imposibles pasaran a mellor vida. Co que non contaba era coa aparición de certos medos, sobre todo o medo ao descoñecido, e o medo a non estar á altura no que a letras e números se refería. Sabería eu o que presuntamente había que saber? Os meses foron pasando e paralelamente, os medos tamén fuxiron. O descoñecido converteuse en cotiá e cos saberes funme entendendo pouco a pouco. Decateime de que alí non só non comían a ninuguén, senon que ademais era un sitio onde sucedían cousas que espertaban poderosamente a miña pueril curiosidade. Unha delas -e a que a fin de contas marcaría a miña vida- foi o descubrimento do Teatro. Ese meu primeiro contacto co mundo da escena foi no ximnasio do colexio, supoño que co gallo da celebración dalgún festival escolar. Grazas ao *protocolo* escolar vixente, por formar parte do grupo dos máis pequenos, gocei do privilexio de sentar na primeira fila dos bancos que alí había dispostos (cando es neno non sabes por que nin por que non, pero sentar diante sempre é sentar dian-

te). Ao pouco, sen quitarlle ollo a nada, e vendo nada ao mesmo tempo, un home alto e fraco, co bigote máis grande que eu vira na miña vida (esa é a primeira imaxe que gardo de Pepe Agrelo), púxose diante de nós e, entre petición e petición de silencio, explicou o que alí ía acontecer. Debido ao nerviosismo, froito da inusual situación, non conseguín centrarme moito no que dixo. O que si lembro é que falou dun xeito sinxelo, doado de entender, porque el sabía que falaba con nenos, pero tamén que falaba con persoas dotadas de entendemento. Se cadra cun entendemento especial, si, pero seres intelixentes á fin (porque en contra da crenza xeralizada, os nenos son só iso, nenos, non parvos). Logo marchou. Viñeron uns intríns de dúbida, o silencio, a expectación, o “a ver que vai pasar”, para desembocar de súpeto na maxia do mergullamento nunha historia que cobraba vida a través dos sons, das luces, dos corpos e das palabras de nenos e nenas pouco máis vellos ca nós... Daquel día quedame a interpretación fantástica do recordado Paquiño de Chena, no papel do boticario Saturio, disimulando a súa madurez diante dunha moza dicíndolle que non se enganase, que a súa calva non era calva, senon que todo aquilo era fronte... Tamén me quedan os versos de *Lela*, unha canción que tanta significación tería anos despois para min: “*Están as rúas molladas, por un amor que morreu*”... Descubrín o teatro, e descubrino co maiúsculas: *Os vellos non deben namorarse*. Aquel día, sen eu sabelo, sen eu notalo, sen deixar marca aparente, picárame un *bicho* moi especial. Pero sobre todo, aquel día descubrín dous xenios a un tempo; dous xenios que tanto sabían o un do outro e que de seguro xa están xuntos á fin, escribindo e dirixindo o *Teatro do Eterno*: Daniel Rodríguez Castelao e Xosé Agrelo Hermo.

Coido que foi moi pouco despois cando tamén o cinema fixo acto de presenza no meu aínda escaso existir. Daquela en Esteiro, como en moitos pobos e vilas da nosa xeografía, había un cinema: o Cine Miramar. Dentro das

súas catro paredes naceu a inspiración de non poucas películas de *vaqueros* que logo volveronse reais no *far west* da salvaxe praia do Artón. Hoxe, do vello Cine Miramar só queda o recordo e un bloque de pisos de tres alturas do mesmo nome. Pois ben, o primeiro día (e coido que o derradeiro tamén) que crucei as súas portas foi para ver unha película de *El Gordo y el Flaco*. As estreas, como se pódese supoñer, debían ser modestas nestas sás de fin de semana. Todos os rapaces e rapazas do colexio, en compañía das nosas nais, dos nosos pais, avoas, avós ou de quen lle cadrase que puidese dar conta de nós para asistir a tal evento, entramos naquel enorme e escanastrado galpón. As *butacas* non ían máis aló de ser sinxelas cadeiras de encarte que se arrombaban en ringleiras máis ou menos homoxéneas. O aforo non se limitaba ao número de asentos, senon á capacidade organizativa da xente. O teito non podería asegurar agora se estaba recuberto con follatos de millo ou con palla. Ao fondo, no lado contrario á porta, unha gran pantalla. E atrás, por enriba das nosas cabezas, podíase ver un gran proxector de rolos, deses de toda a vida. Dicían que había un *galíñeiro* na parte de arriba, dende onde o mellor de cada casa, durante as sesións de tarde, se divertía tirando cunchas de pipas aos que sentaban abaixo. Contaban os máis sabidos que se poñías atención tamén podías escoitar as carreiras dos ratos. Fíxose o escuro e vimos a película. Gustei dela, e como tampouco podía comparar con experiencia anterior algunha, ata aquí todo me pareceu perfecto. O carallo veu cando, ao remate da proxección, uns homes engaravitados pretendieron vendernos uns libros “para que tivésemos unha máis completa formación cultural”. ¿Resultado? Thalía gañou este primeiro asalto ao inxenio dos irmáns Lumière. Sen dúbida, Agrelo soubo “vendérollo” moito mellor.

El, O Mestre (así, con maiúsculas), co seu traballo abnegado e desinteresado, só levado da súa vocación docente, abriunos as portas da ilusión e da fantasía a moitos nenos e nenas, e

por que non dicilo, abriullas tamén a moitos dos nosos maiores. Agrelo foi unha figura quen ben puido inspirar a Fernando Fernán Gómez para dar vida ao mestre da versión cinematográfica de *A lingua das bolboretas*. Todos e todas fomos os seus *gorrións*. Hoxe, nun pobo modesto como é Esteiro (e digo modesto en termos puramente físicos, que non en canto a capacidades e forza de corazón) podemos presumir e berrar ben alto que tivemos o privilexio de gozar dunha das figuras sobranceiras da cultura galega contemporánea.

Para rematar, quero dirixirme directamente a ti, Pepe. Sei que nos últimos anos gardaches moitos artigos dos xornais onde se falaba da miña persoa, do meu traballo, que logo, agariñosamente, foron chegando á miña nai. Que queres que che diga... A min sempre me gus-

tou pensar que o facías porque en certa forma estabas orgulloso deste teu antigo alumno. Se non é así, non digas nada. Prefiro seguir a pensalo. O que si quero darche a coñecer (se non o sabes xa) é que eu estou moi orgulloso de terche coñecido, que estou moi orgulloso de que foses ti quen sementou hai máis de trinta anos o que agora eu estou a recoller, de que prendeses en min a lapa de querer dedicarme ao que por sorte me dedico, e non teñas a menor dúbida de que estarei moi orgulloso cando nun futuro próximo o Día das Letras Galegas teña a ben honrar a túa obra e a túa memoria. Ese día encherei o peito e poderei dicir con voz forte: *Eu coñecín a Agrelo. Foi o meu mestre.*

Xa es de todos, Pepe. Xa es eterno. Ata sempre, Mestre. Así, con maiúsculas... ♦

